

c) Lugar de presentación: A presentación poderá realizarse persoalmente no rexistro da Deputación, ou ben mediante envío por mensaxería ou ben en calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dentro do prazo sinalado.

No caso de envío por correo ou entrega en calquera das dependencias recollidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío e comunicar no mesmo día ao órgano de contratación, por fax (982 180004), télex ou telegrama, a remisión da proposición. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición no caso que fose recibida fora do prazo fixado no anuncio de licitación. ( ver punto 1º)

- d) Admisión de variantes: NON  
e) Idioma: Castelán e Galego

**8º. - CRITERIOS DE ADXUDICACION E PUNTUACION (VER DETALLES NO PREGO DE CAP)**

CRITERIOS	PONDERACIÓN
1) Prezo	75
2) Melloras de obra	20
3) Plan de comunicación	5

**9º. - APERTURA DE OFERTAS**

- a) Dirección: Deputación Provincial de Lugo. Rúa San Marcos 8.  
b) Localidade e código postal: Lugo, 27001.  
c) Data: publicarase a convocatoria na Plataforma de Contratación do sector público.

**10º. - GASTOS DE ANUNCIOS.**

Correrán por conta dos adxudicatarios.

**11º. - OBRIGAS DO CONTRATISTA**

As sinaladas no PCAP, entre elas constan condicións esenciais e especiais de execución sinaladas na cláusula 26.

**12º.- OBTENCION DE DOCUMENTACION E INFORMACION**

- a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º.  
b) Plataforma de contratación do sector público  
c) Teléfono: 982-260080 - 24  
d) Fax: 982-180004

Lugo, 19 de Febreiro de 2018. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde P.D. Decreto de data 0402/2017 de data 24-02-2017 O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 0513

## CONCELLOS

### BALEIRA

#### *Anuncio*

De conformidade co acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira na sesión do 26 de febreiro de 2018, por medio do presente anuncio efectúase convocatoria, por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación, para a adxudicación do contrato de subministración dun camiión para a recollida de residuos sólidos urbanos, subvencionado pola Deputación Provincial de Lugo ( Plan Único de Cooperación cos Concellos 2017) conforme aos seguintes datos:

**I. Entidade adxudicadora:** Datos xerais e datos para a obtención da información:

- a) Organismo: Concello de Baleira (Lugo)  
b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría-Intervención.  
c) Obtención de documentación e información:

- 1) Dependencia: Casa do Concello de Baleira
  - 2) Domicilio: Avda. Dr. Escobar s/n, O Cádavo.
  - 3) Localidade e código postal: Baleira, 27130.
  - 4) Teléfono: 982354059.
  - 5) Telefax: 982354039.
  - 6) Correo electrónico: secretaria@concellobaleira.es
  - 7) Enderezo de Internet do perfil do contratante: contratosdeg Galicia.gal
  - 8) Data límite de obtención de documentación e información: a de presentación de proposicións.
- d) Número de expediente: 48/2018.

**2. Obxecto do Contrato:**

- a) Tipo: suministro dun camión para o servizo de recollida de lixo.
  - b) Descrición: suministro dun camión recolector compactador de recollida de residuos sólidos urbanos.
  - c) División por lotes e número de lotes/número de unidades: un só lote.
  - d) Lugar de execución/entrega: Praza do Concello, O Cádavo, Baleira.
- 1) Domicilio: Avda Doctor Escobar s/n .
  - 2) Localidade e código postal: 27130, O Cádavo. Baleira.
- e) Prazo de execución/entrega: Catro meses contados a partir da formalización do correspondente contrato administrativo.
- f) Admisión de prórroga: non
- g) CPV (Referencia de Nomenclatura): 34144511-3. Vehículo de recollida de lixo

**3. Tramitación e procedemento:**

- a) Tramitación: ordinaria
  - b) Procedemento: aberto
  - c) Forma de adxudicación: oferta máis vantaxosa con varios criterios de valoración.
  - d) Criterios de adxudicación: os dispostos na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares e que son os seguintes :
- Prezo a pagar polo concello mediante contía dineraria: máximo 50 puntos.
- Menor prazo de entrega sobre o máximo de catro meses disposto no prego: máximo 20 puntos.
- Mayor prazo de garantía (do vehículo completo) sobre o mínimo esixido no prego (2 anos): máximo 10 puntos.
- Períodos gratuítos de mantemento entendendo como tal os cambios de aceites, filtros, valvulas e anticongelante (man de obra e material incluídos): máximo 10 puntos.

-Potencia do vehículo suministrado superior a 300 CV: máximo 10 puntos.

**4. Valor estimado do contrato:** 129.718,18 euros.

**5. Orzamento base de licitación:**

- Importe total: 154.880,00 euros (IVE incluído). Desglosándose nas seguintes cuantías:

- Contía dineraria sen IVE: 119.818,18 euros.

- IVE: 25.161,82 euros.

- Total da contía dineraria do prezo: 144.980,00 euros.

- A outra parte do prezo abonarase mediante a entrega do camión de recollida de residuos sólidos urbanos titularidade do concello valorado na contía de 9.900,00 euros.

**6. Garantías esixidas.**

Provisional: Non se esixe.

Definitiva (%): 5 por 100 do prezo de adxudicación excluído o IVE.

**7. Requisitos específicos do contratista:**

a) Clasificación (grupo, subgrupo e categoría) (no seu caso): Non se esixe .

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional (no seu caso): acreditaráse por algunha das seguintes formas dispostas na cláusula sexta do prego de cláusulas administrativas

#### **8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:**

a) Data límite de presentación: As ofertas presentaranse no rexistro xeral do concello de Baleira situado na Avda. Dr. Escobar s/n, O Cádavo, en horario de atención ao público (8:30 a 14:30 horas de luns a venres) , no prazo de quince días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante. Tendo en conta que os sábados o Concello non abre ó público, se o prazo rematase en sábado, domingo ou festivo entenderáse que finaliza o seguinte día hábil.

b) Modalidade de presentación: cláusula sétima do prego.

Presentaranse dous sobres pechados (sobre A e sobre B) co contido disposto na cláusula sétima do prego:

Sobre «A»: Documentación administrativa

Sobre «B» Proposición económica, criterios de adxudicación e memoria descritiva do suministro.

c) Lugar de presentación:

1. Dependencia: Rexistro Xeral da Casa do Concello de Baleira .

2. Domicilio: Avda Doctor Escobar s/n

3. Localidade e código postal: O Cádavo. 27130 Baleira.

4. Enderezo electrónico: secretaria@concellobaleira.es

#### **9. Apertura de ofertas:**

a) Descrición: apertura dos sobres A e B

b) Enderezo: salón de sesións da Casa do Concello de Baleira .Avda Doctor Escobar s/n.

c) Localidade e código postal: O Cádavo, Baleira. CP 27130

d) Data e hora (cláusula décima segunda do prego de cláusulas administrativas):

O cuarto día hábil despois da finalización do prazo de presentación das proposicións, se procederá á apertura dos sobres " A " e cualificación da documentación contida neles (O sábado non é día hábil).

De constar a documentación referida no sobre "A" completa a mesa de contratación reuniráse, o mesmo día ( cuarto día hábil despois da finalización do prazo de presentación de proposicións , no Salón de Plenos da Casa do Concello , situada na Avda Doctor Escobar s/n, 27130, O Cádavo, Baleira ), ás 13:00 horas, en acto público, ós efectos da apertura dos sobres "B". De concederse un prazo de subsanación da documentación presentada, procederáse á apertura do sobre "B" o oitavo día hábil seguinte ó da finalización do prazo de presentación de proposicións á mesma hora e no mesmo lugar.

No caso de documentación remitida por correo ou a través doutro organismo que faga imposible a apertura dos sobres A e B nas datas indicadas comunicaránse ós licitadores as novas datas publicándose no Taboleiro de Edictos do Concello e na sede electrónica concellobaleira.sedelectronica.gal

**10. Gastos de Publicidade:** por conta do adxudicatario ata a contía de 700,00 euros.

12. Obtención de copia dos pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas: no perfil do contratante (contratosdegalicia.gal) e na sede electrónica do concello concellobaleira.sedelectronica.gal.

Baleira, 26 de febreiro de 2018.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0566

#### *Anuncio*

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira 23/02/2018 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes ó 1º bimestre do 2018. Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interperse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida

xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

- De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/03/2018 e 30/04/2018 ámbolos dous inclusive.

Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/03/2018. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento (no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia) e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

- Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, Baleira, 26 de febreiro de 2018.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0567

## LUGO

### Anuncio

De conformidade co Decreto Número 18001415, de data 22 de febreiro de 2018, do Libro de Resolucións, dictado polo Tenente de Alcalde Delegado de Educación e Infraestructuras Urbanas, apróbase a convocatoria anual de prazas para o curso 2018/19 das Escola Infantís Municipais que consta do seguinte teor literal:

“PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria anual de prazas vacantes das escolas infantís municipais para o curso 2018/2019 e que seguidamente se transcribe:

**“ASUNTO: CONVOCATORIA ANUAL DE PRAZAS VACANTES NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2018/2019**

En relación coa convocatoria anual de prazas vacantes para o curso escolar 2018/2019, e tendo en conta as prazas totais das escolas infantís municipais **Serra de Outes, Gregorio Sanz, Luís Soto Menor e María Wonenburger** infórmase de que as prazas quedan como seguen:

1º- En primeiro lugar, reservarase:

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SERRA DE OUTES: **21 prazas** para nenas/os xa matriculadas/os no curso 2017/2018.

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL GREGORIO SANZ: **21 prazas** para nenas/os xa matriculadas/os no curso 2017/2018.

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL LUÍS SOTO MENOR: **21 prazas** para nenas/os xa matriculadas/os no curso 2017/2018.

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MARÍA WONENBURGER: **21 prazas** para nenas/os xa matriculadas/os no curso 2017/2018.

Cada escola será a encargada de facilitarlles o modelo de solicitude de reserva a estas persoas usuarias, que xuntamente coa documentación requirida na mesma presentarán no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo limitado ao mes de marzo.

Para a reserva de praza é requisito imprescindible estar ao día no pagamento das cotas mensuais na data de presentación da solicitude.

2º- En segundo lugar, reservaranse en cada unha das catro escolas de entidade municipal 3 prazas de emerxencia social para o curso 2018/19, correspondendo unha praza en cada unidade de repartición. Terán a consideración de emerxencia social os casos de:

- Menores tutelados pola Consellería de Traballo e Benestar.

- Os fillos das mulleres que se atopen nunha casa de acollida e/ou sexan vítimas de violencia de xénero.

- Aqueloutros en que concorran circunstancias socioeconómicas e familiares que requirán unha intervención inmediata.